

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 11 de maio de 2001 pola que se regula o contido básico dos estudos de minimización da produción de residuos perigosos que deben presenta-los produtores autorizados de residuos.

A disposición adicional segunda do Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, aprobado mediante Real decreto 833/1998, do 20 de xullo, establece a obrigatoriedade para os produtores de residuos perigosos de presentaren no prazo de catro anos, a partir da entrada en vigor do citado Real decreto 952/1997, e posteriormente coa mesma periodicidade, un estudio de minimización deses residuos perigosos por unidade producida, comprometéndose a reduci-la súa produción, na medida das súas posibilidades.

Coa finalidade de fixa-los contidos do estudio e ámbito de aplicación, é necesario dictar unha norma que fixe o contido mínimo dese estudio e permita realizar un control efectivo sobre a redución real dos residuos perigosos xerados polos produtores deles. O concepto de produtor de residuos perigosos aparece definido no artigo 3 da Lei 10/1998, enténdéndose por residuos perigosos aqueles que figuren na lista de residuos perigosos, aprobada no Real decreto 952/1997, así como os recipientes e envases que os conteñan, os que foran cualificados como perigosos pola normativa comunitaria e os que poida aproba-lo Goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais dos que España sexa parte; por produtor entenderase calquera persoa física ou xurídica cando a súa actividade, excluída a derivada do consumo doméstico, produza residuos ou efectúe operacións de tratamento previo, de mestura, ou doutro tipo que ocasionen un cambio de natureza ou de composición de residuos. Terá tamén carácter de produtor o importador de residuos ou adquirente en calquera estado membro da Unión Europea.

Na súa virtude, de acordo coas competencias atribuídas a esta Consellería de Medio Ambiente no Decreto 482/1997, do 26 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Esta orde ten por obxecto regula-lo contido do estudio de minimización que os produtores de residuos perigosos están obrigados a elaborar.

Sen prexuízo das normas de desenvolvemento do Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, que se dicten no futuro, esta orde dirixirase ós produtores de residuos perigosos que estean autorizados para levar a cabo tales actividades segundo o establecido no artigo 9 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e aqueles que obteñan tal autorización no mesmo marco legal.

Artigo 2º

O contido do dito estudio axustarase ó establecido no anexo desta orden e presentarase na Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente antes do 6 de setembro de 2001 e, posteriormente, cunha periodicidade de catro anos.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2001.

Carlos del Álamo Jiménez
Conselleiro de Medio Ambiente

ANEXO

Contido do estudio de minimización

1. Datos da empresa.

Número de autorización como produtor de residuos perigosos.

2. Situación actual.

Procesos productivos xeradores de residuos perigosos.

Proceso (descrición)	Residuos perigosos xerados (descrición e código CER) (1)

(1) Reflectiranse os residuos perigosos producidos en cada proceso

Situación nos tres anos precedentes á presentación do estudio de minimización

Ano	Residuo perigoso producido (cantidade anual) (1)	Cantidade de produto ou servizo final do proceso asociado á fabricación do residuo (cantidade anual) (2)	Ratio de xeración do residuo respecto das unidades de produción (3)
2000			
1999			
1998			

(1) Dato a extraer das correspondentes declaracións anuais.

(2) Consignarase a produción total do produto ou servizo final no que se xera o residuo perigoso anterior.

(3) Consignarase o cociente entre a cantidade do residuo perigoso producido e a cantidade de produto ou servizo final nas unidades correspondentes (p. ex. kg residuo/tm de produto, kg residuo/kWh xerado, kg residuo/unidades de produción, kg residuo/nº de clientes atendidos, etc.).

Cubrirase unha ficha para cada residuo xerado. Caso de producirse o mesmo residuo en dous procesos distintos da mesma unidade fabril, realizaranse fichas independentes para cada proceso.

3. Medidas de minimización adoptadas en cada proceso.

Proceso (descrición)	Medidas de Minimización (1)

(1) Reflectiranse as medidas previstas de minimización en cada un dos procesos.

(2) Tales medidas poderán ser da seguinte natureza que necesariamente se describirán co suficiente detalle xuntándolle os estudos e documentación xustificativos que sexan necesarios.

- a) Medidas de aforro de materias primas.
- b) Medidas de substitución de materias primas de menor perigosidade.
- c) Medidas de eficiencia enerxética.
- d) Aforro doutros consumos.
- e) Cambios tecnolóxicos no proceso; adopción de tecnoloxías limpas, etc.
- f) Cambios organizativos no proceso ou na empresa.
- g) Melloras no control e a supervisión internos.
- h) Reutilización de residuos no propio proceso.
- i) Reciclaixe in situ de residuos.
- j) Outras formas de recuperación in situ.
- k) Cambio do destino externo dos residuos, de operacións de eliminación a operacións de valorización.
- l) Outras medidas.

Previsión de produción nos próximos catro anos posteriores á presentación do estudo de minimización

Ano	Residuo perigoso producido (cantidade anual estimada) (4)	Cantidade de produto ou servizo final do proceso asociado á fabricación do residuo (cantidade anual estimada) (5)	Ratio estimada de xeración do residuo respecto das unidades de produción (6)	Porcentaxe de redución respecto ás ratios de 2000
2001				
2002				
2003				
2004				

(4) Dato que hai que estimar a partir da situación actual e as medidas de minimización a adoptar.

(5) Dato que hai que estimar en función das previsións da empresa.

(6) Consignarase o cociente estimado entre a cantidade do residuo perigoso producido e a cantidade de produto ou servizo final nas unidades correspondentes (p. ex. kg residuo/tm de produto, kg residuo/kWh xerado, kg residuo/unidades de produción, kg residuo/nº de clientes atendidos, etc.)

Cubrírse unha ficha para cada residuo xerado. Caso de producirse o mesmo residuo en dous procesos distintos da mesma unidade fabril, realizaranse fichas independentes para cada proceso.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 27 de abril de 2001 pola que se exime o Consorcio para o servizo contra incendios e de salvamento da Comarca de Verín da obriga de mante-los postos propios de funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional.

O Pleno do Consorcio para o servizo contra incendios e de salvamento da Comarca de Verín, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 14 de marzo de 2001, adoptou o acordo de solicita-la exención do mantemento de postos propios de Secretaría, Intervención e Tesourería reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Na súa virtude, a Consellería da Presidencia e Administración Pública, en aplicación do establecido no artigo 4 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13.2º 17 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, en relación co artigo 241 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.-Eximi-lo Consorcio para o servizo contra incendios e de salvamento da Comarca de Verín da obriga de mante-los postos propios de Secretaría, Intervención e Tesourería reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Segundo.-As funcións reservadas ós anteditos postos serán exercidas mediante o sistema de acumulación de funcións por un/ha funcionario/a de Administración local con habilitación de carácter nacional dalgún dos concellos que integran a dita entidade local, segundo a elección efectuada polo Pleno de conformidade co previsto no artigo 4.3º e 31.2º do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2001.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Orde do 27 de abril de 2001 pola que se exime a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín da obriga de mante-los postos propios de funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional.

A asemblea da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín, en sesión extraordinaria que tivo lugar o día 14 de marzo de 2001, adoptou o acordo de solicita-la exención do mantemento de postos propios de Secretaría e de Intervención reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Na súa virtude, a Consellería da Presidencia e Administración Pública, en aplicación do establecido no artigo 4 do Real decreto 1732/1994, do 29 de xullo, e no uso das facultades que lle confire o artigo 13.2º 17 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, en relación co artigo 241 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia,

DISPÓN:

Primeiro.-Eximi-la Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín da obriga de mante-los propios